

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 22 de decembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,00 horas do día vintedous de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación. a Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2134).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os membros presentes.

**2(2135).- RECOÑECIMENTO DE CARÁCTER INDEFINIDO DAS CINCO TRABALLADORAS DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL EN VIRTUDE DA SENTENZA 176/2010 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL NÚM. 2 DOS DE VIGO. EXPTE. 41/105.**

*Solicita intervir a Secretaria Xeral do Pleno, desempeñando as funcións de Titular do Órgano á XGL por delegación, en relación co acordo a adoptar, indicando que o procedemento que se está a seguir con este tipo de expedientes non é o máis axeitado. Evidentemente non implica a execución das sentencias correspondentes ó persoal, que tal e como se recolle no mesmo expediente e anteriores informes conleva o correspondente estudio do servizo a efectos de determinar as necesidades organizativas, e unha vez concluído proceder á creación no cadro de persoal municipal das prazas e á súa posterior asociación ós correspondentes postos para a súa provisión polos medios regulamentarios, procedendo, no seu caso, ó despido por causas obxectivas daqueles traballadores que non teñan obtido praza ou cuxas funcións xa non sexan obxecto de prestación polo Concello. En todo caso, e considerando que a razón de adopción do presente acordo, de adscrición provisional, a efectos orzamentarios, a unha serie de vacantes do cadro de persoal que non se axustaría á situación descrita, é a falta de dotación orzamentaria, debe procederse con inmediatez á creación da correspondente partida nos orzamentos para o ano 2011 para garantir as dotacións de persoal laboral indefinido, non só a efectos de subsanar os acordos referidos, senón de dar unha solución a eventuais formulacións que poidan ter lugar nun futuro con novas sentencias e situacións de indefinición, que nos colocaría ante os mesmos problemas que xurdiron a raíz deste expediente e de outro aprobado en setembro. Engadindo que parte das prazas afectadas por estes acordos atópanse incluídas na oferta de emprego público coas conseguintes complicacións para a súa execución. Manifesta o Titular da Asesoría Xurídica que coincide co plantexamento, que resulta necesario proceder á execución das sentencias nos seus propios termos, pero que entre tanto non se leven a cabo os axeitados trámites procedimentais débese crear a correspondente partida orzamentaria que evite distorsións no funcionamento da nómina municipal.*

*Indica o Interventor Xeral Municipal, que si ben é así, o problema que derivaría da creación de dita partida é que se facilitaría o non cumprimento da sentenza nos termos sinalados, que é a obriga principal.*

*Os membros da Comisión quedan enterados do informado considerando necesario proceder a tramitar a correspondente modificación de crédito para crear unha partida adicada ó persoal laboral indefinido.*

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 16-12-2010, o informe da técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 15.12.2010, o informe do Tesoureiro Municipal do 22.12.2010 e o informe do Interventor Xeral do 17.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

**“Primeiro.-** Executar nos seus propios termos a sentenza xudicial núm. 176/2010, que afectados traballadores que se citan:

Apelidos e nome	D.N.I.	POSTO CONTRATO
<b>De la Cruz Alvarez, Marta</b>	<b>36.112.483-E</b>	<b>Traballadora Social</b>
<b>Magadán Mompo, Eva M<sup>a</sup>.</b>	<b>36.098.184-Y</b>	<b>Lic. Ciencias do Traballo</b>

<b>Estévez Rodríguez, Begoña</b>	<b>76.904.434-R</b>	<b>Psicóloga</b>
<b>Núñez Hernández, Raquel</b>	<b>36.167.836-Z</b>	<b>Diplomada Educación Social</b>
<b>González Rodríguez, M<sup>a</sup> Emilia</b>	<b>36.068.508-T</b>	<b>Auxiliar Administrativa</b>

**Segundo.-** Afectar, aos efectos exclusivos de percepción das súas retribucións as traballadoras declaradas con vínculo laboral indefinido que a continuación se relacionan, ás dotacións económicas dos postos vacantes que do mesmo xeito se relacionan, en tanto non sexan creadas as prazas e postos de traballo adecuados, coa finalidade de dar cumprimento efectivo e integro á sentenza xudicial número 176/2010, sen que a afectación aos mesmos xere ningún dereito de adscrición a estas prazas e sen que proceda comunicación de adscrición as interesadas.

Apelidos e nome	POSTO CONTRATO	GRUPO	CD.	C.E.	Posto traballo ads. (RPT)	DENOMINACIÓN POSTO
De la Cruz Alvarez, Marta	Educadora Social	A2	25	690	014.02	Vixiante (Crédito orzam. dous postos)
Magadán Mompo, Eva M <sup>a</sup> .	Psicólogo/a	A1	26	680	107.09	Asesor Xurid.
Estévez Rodríguez, Begoña	Lic. Ciencias do Traballo	A1	26	680	330.03	Director Verbum.
Núñez Hernández, Raquel	Traballadora Social	A2	25	690	330.06	Administrtrtv.
González Rodríguez, M <sup>a</sup> Emilia	Auxiliar Administrativa	C2	16	166	413.06	Auxiliar

**Terceiro.-** Urxir aos servizos de Recursos Humanos e Benestar Social para que procedan, a maior brevidade a elaborar unha proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, a través da cal se avaliarán e concretarán as efectivas necesidades do Servizo en función da actividade a realizar, determinándose o número e tipo de prazas e postos de traballo a crear e/ou transformar as existentes para satisfacer estas necesidades, para a súa posterior inclusión no Cadro de Persoal Orzamentario e a creación na Relación de postos de traballo asociados ás prazas creadas, nos termos do disposto no artigo 69 da Lei 7/2007, do 12 de abril, coas consecuencias que do mesmo se deriven.

**Cuarto.-** Dispor que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda a realizar a tramitación administrativa necesaria cara a creación das prazas e postos necesarios para o cumprimento da sentenza a que se refire o parágrafo anterior.

**Quinto.-** Regularizar a situación dos traballadores afectados pola sentenza 176/2010 ditada polo Xulgado do Social número 2 de Vigo, no procedemento ordinario núm. 1236/2009, aos efectos da nómina municipal, dando efectos ao presente acordo dende a data na que a citada sentenza produciu os seus efectos e, en todo caso, dende a data de inclusión en nómina como indefinidos, non fixos de plantilla, dos devanditos traballadores.

**3(2136).- PROXECTO MODIFICADO NÚM. 1 DA MELLORA DO ABASTECIMENTO NA RÚA AREAL. EXPTE. 689-440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 20-12-2010, e co informe do asesor xurídico da área, do 20.12.2010, co conforme do Titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 “Custe Cero” do proxecto de Mellora de Abastecemento na Rúa Areal, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 17 de decembro de 2010.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14,10 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.